

María Reimóndez: “As alternativas están aquí mais é preciso darlles visibilidade”

A escritora María Reimóndez ten “un plan” e do seu desenvolvemento fala no seu novo ensaio *A alternativa está aquí* (Xerais). Contra a desesperanza que se impón, a escritora defende o activismo para cambiar o mundo. Parte da súa experiencia de vinte anos de traballo en cooperación internacional para apostar pola filosofía que subxace nos Grupos de Axuda Mutua, un “palleiro alternativo” que parte de dúas liñas de actuación que se encontran, o feminismo e a súa condición crítica.

Carme Vidal 29/mar./14

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/maria-reimondez-alternativas-estan-aqui-mais-preciso-darlles-visibilidade/20140329002432025823.html>

-O seu ensaio parte dunha crítica da que define como cooperación que opera coa caridade. Trátase aínda dun modelo imperante?

As ONGs son produto dunha sociedade que construíu certas estruturas que beben da lóxica dominante, herdeira da caridade cristiá e da colonización. Calquera persoa que se achegase a ese mundo tanto hai vinte anos coma hoxe o primeiro que atopaba era este sistema de cooperación que chegaba á cidadanía mediante potentes mecanismos de mercadotecnia. As persoas que tiñan inquiredanzas eran os primeiros espazos que atopaban. Esa foi unha das razóns da creación de Implicadas no Desenvolvemento, crear novos espazos que son minoritarios no sector, tamén polo apoio social que teñen. O número de persoas que contribúen con asociacións que traballan desde a caridade é inmenso comparado coas que o fan con entidades críticas. O traballo que desenvolven as organizacións hexemónicas é mesmo contraproducente, reafirma os conceptos nos que se basea a pobreza e son organizacións que operan na superficialidade, nas intervencións e nas mensaxes. Seguen o impulso da caridade e non van ás raíces dos problemas, que están sobre todo no imaxinario.

-A crise contribúe a intensificar o discurso da caridade?

Ese tipo de mentalidade aumenta na nosa sociedade, mais iso non afecta á cooperación no desenvolvemento porque xa partía deses principios. Afecta negativamente, refórzase a idea de que por que axudar fóra se aquí tamén se necesita. Continúa na mesma lóxica, na mesma mentalidade, programas televisivos que recollen doazóns, recolección de tapóns para distintas causas.. As ONGDs vense damnificadas pola súa propia filosofía. É importante decatarse de que todo está relacionado. Cando comprobamos o desmantelamento dos servizos públicos, que os organismos internacionais levan aplicando durante moito tempo nos países en

desenvolvemento, vemos que vai parello á promoción empresarial capitalista. Na Galiza, é evidente que se desmantela para que entren empresas privadas para facer negocio cos dereitos das persoas. Isto tamén acontece nas políticas de cooperación e, neste sentido, acaba de aprobarse o III Plan Director de Cooperación Galega no Parlamento e un dos elementos máis cuestionábeis é o papel que lle dá ás empresas, recoñecidas como axentes de cooperación ás que se lles abre a porta a poder concorrer ás mesmas convocatorias que as ONGDs, ás cales xa de seu se asigna un orzamento irrisorio.

-Desde Implicadas defenden un modelo de cooperación crítica e feminista. Que outras organizacións comparten con vostedes eses principios?

Ningunha. Existen organizacións críticas como Amarante pero parten doutras bases. O enfoque de xénero foi desactivado politicamente e por iso preferimos falar abertamente de feminismo. O que define o traballo de organizacións críticas é que apostan por ir ás raíces do imaxinario. Se non se entende que a cooperación internacional está vinculada coa colonización non se pode contrarrestar ese marco. O poder actúa creando imaxinarios, e, no campo de cooperación internacional, ese é o máis importante para cambiar a visión que temos de nós mesmas e para cambiar as percepcións que temos sobre as outras. Estamos nun momento en que é preciso construír alianzas xa que os nosos problemas non son só nosos senón que están interconectados. Se non se afrontan estas cuestións vendo ás do sur como iguais, como capaces, desta situación non sae ninguén. As organizacións críticas e feministas permiten crear eses espazos de alianzas, imprescindible para seren operativas.

-Vostede fala da cooperación hexemónica como herdeira do colonialismo.

A cooperación ao desenvolvemento forma parte dos procesos de descolonización. A colonización iníciase cunha lóxica subxacente clara: as outras non somos nós. Todo proceso colonizador está baseado nun imaxinario no que as outras son inferiores. Cando a escravitude xa estaba abolida en Gran Bretaña continuábase aplicando nas colonias. Se pensamos que cos procesos de descolonización rematou esa mentalidade estaríamos erradas, sempre foron presentados como actos de xenerosidade. O discurso da Hispanidade, poño por caso, responde a esa lóxica que explica a descolonización como unha recompensa, un agasallo. O imaxinario subxacente non se tocou, continúa nunha concepción que deixa fora ás outras. A teoría poscolonial estuda non tanto a ruptura dese pensamento senón unha continuidade e nesa continuidade agroma a cooperación, o fenómeno do multiculturalismo, o inglés como lingua dominante... é o mesmo proceso, cunha violencia subxacente que non se explicita. Cando se independizaron todos os países eran "ricos", mais as metrópoles seguíanos concibindo como propios, de aí nace a cooperación. A mentalidade da colonización ponlle outro tinte aos intereses que existían coas anteriores colonias e aí as ONGDs teñen un papel fundamental.

-Na súa tese a defensa do galego é imprescindible no seu modelo de cooperación. Que papel cumpre a nosa lingua nesa filosofía?

Chámame moito a atención que persoas comprometidas coa lingua colaboren con organizacións de ámbito estatal porque no caso concreto da cooperación hai unha serie de criterios como o respecto á diversidade cultural, o rexeitamento a que organizacións do norte impoñan as súas culturas que se promulgan, novamente baleiros de contido, como algo básico na cooperación, nun discurso acrítico e preocupantemente patriarcal porque acae ben cando son prácticas contra as mulleres. Esta visión de "non impoñer a nosa cultura" asume que "nesoutras culturas" non hai tradicións de defensa dos dereitos humanos, feministas, dos dereitos das persoas non heterosexuais, etc. Allean así ás poboacións dos seus propios discursos críticos. Dende a nosa

óptica, ademais, o discurso do respecto ás "culturas" das ONGDs hexemónicas é facilmente desmontábel a outro nivel, cando desde a túa posición como galega falante comprobamos quenon respectan a diversidade cultural dentro do Estado español organizacións que toman decisións desde Madrid e na que as linguas propias non existen. Ademais disto, a lingua é aínda máis importante porque ten que ver coa posición. Seguindo con esta lóxica, moitas ONGDs buscaron a colaboración desde unha posición colonial, con vínculos con países onde existen unha suposta lingua común. Acontece que cando ti, como galega falante, activista, non acerpas certas prácticas podes colaborar con organizacións que, en cambio, repiten os padróns que rexeitas noutros lugares. Que fariamos se chegara aquí unha organización que só traballase en castelán? Non participaría, sentiríalo como agresivo. A lingua permíteche entender outras identidades. Cando baseas o teu concepto de identidade nunha lingua non estás predefinida, podes manifestar calquera identidade xa que pode ser aprendida, contra o que acontece con outras definicións. Dáche unha posición, subordinada na túa sociedade que che dá a base dende a cal entender mellor o que significa ser subalterna para outras e sobre todo desmontar a túa posición hexemónica cara ás outras.

-Que significa ese cambio de posición ao que se refire no seu libro?

A base está en Rosalía de Castro, o que eu chamo a crítica dos 360 graos. Nos movementos sociais hai sempre puntos cegos e a única posibilidade de vencer é con ese xiro total que só se pode dar desde os feminismos, desde unha maneira distinta de entender o poder, de eliminar desigualdades comezando pola primeira delas. Rosalía distínguese por esta razón, por non perder en ningún momento a perspectiva da interacción de todas as desigualdades e de como elas interactúan. No caso da lingua están abríndose vieiros nese sentido, que xa estaban na súa obra. Cando alguén escriben en galego (ou para o caso o castelán, pois a hexemonía é unha postura que pretende facerse pasar por neutra) está adoptando unha postura e esa é a que me interesa como punto de partida, só desde o recoñecemento da desigualdade pódese recoñecer ás outras. Veñan de onde veñan os movementos sociais, se non integran a lingua non terán credibilidade. Cómpre actuar desde o galego.

-Na súa alternativa convida tamén a cambios na forma de vivir, aforro enerxético, consumo de proximidade e responsábel... como afectan estes comportamentos, en principio persoais?

Trátase de intentar contrarrestar un desanimo que non está presente só no discurso da crise senón tamén en certos discursos revolucionarios. Cando un problema é moi grande, cómpre collelo polo máis pequeno. Os temas que nos parecen inmensos podemos ir cambiándoos nos actos do día a día que eu entendo como políticos. Refírome a comportamentos individuais mais tamén na necesidade de formar parte de comunidades. A miña experiencia, da que nace este libro, é que, malia a ocultación nos medios de comunicación, hai xente por todas partes facendo cousas interesantes, o que acontece é que non as vemos. Darlles visibilidade forma parte do optimismo que tratei de recoller no ensaio. Por exemplo, como consumidora podo ter problemas á hora de atopar unhas deportivas que non sexan feitas por medio de explotación infantil. As alternativas están aquí mais non as coñecemos, non teñen mercadotecnia nin financian equipos de fútbol porque buscan crear outra sociedade. Moita xente ten inquiredanzas, mais non sabe como buscar eses espazos. Abrir pequenas fiestras é importante xa que estamos traballando en campos que non saen na televisión.

-Entra no supermercado e atopa froitas tropicais en calquera momento do ano. A que lóxica responde?

Preguntárame a que concepto de comunidade nos enfrontamos e que tipo de sociedade queremos. Mercar ananás a prezos baixísimos significa ignorar a situación de afogo do noso agro. Alén de contribuír a esnaquizar outra agricultura. Por iso falaba da posición. Unha persoa que ten contacto coa realidade do rural tería que entender por que non debe mercar ananás a baixo prezo. Son cuestións a reflexionar sobre as prácticas diarias que constrúen o poder. Compre comezar por aí. Vivimos no medio de moita compartimentalización na que as persoas se constrúen como consumidoras e non como cidadás, algo por outra banda no que conflúen capitalismo e patriarcado, este último coa súa división de papeis estancos para homes e mulleres. É interesante rachar eses compartimentos a todos os niveis.

-En repetidas ocasións refírese a Inditex e case nos fai responsábeis como galegas da súa existencia e do seu modelo de explotación.

Somos responsábeis. Escoito cada día a moita xente falar con orgullo de Inditex, comezando polo goberno que escollemos. Se eses monstros se manteñen é porque os alimentamos. O imaxinario da empresa galega, con sede central e orixe aquí e posta como exemplo de empresa exitosa é o que impera e se non poñemos en dúbida ese discurso estamos a ser cómplices porque, en certa maneira, aceptamos a súa existencia. Desde ese punto de vista somos corresponsábeis, e non digamos a xente que merca nas súas tendas. Contribúen de maneira directa á explotación de crianzas. Hai que dicilo con claridade: esas nenas son explotadas para que ti consumas e na medida en que continúes consumindo a explotación continuará.

-Defende a necesidade de recuperar o “activismo”, parte tamén desa práctica persoal?

O que se poda facer no día a día é importante mais a base está no traballo colectivo. Compre ir máis alá e integrarse. Estámolo a ver coa reforma da lei do aborto. A maioría da sociedade está en contra mais iso non abonda. Se non hai mobilización esa opinión queda reducidas a queixas particulares sen efecto se non se dan pasos máis amplos.

-No seu modelo, os Grupos de Axuda Mutua son o exemplo para a cooperación. Que obxectivos teñen?

É unha estratexia para a erradicación da pobreza global. Ao meu ver o máis importante é a filosofía na que se apoian que é a base do meu pensamento. Teño a fortuna de levar vinte anos convivindo con mulleres integrantes de grupos de axuda mutua e para min é a fonte máis importante de coñecemento filosófico. O seu fundamento radica na ruptura das estruturas, desde o pequeno, tanto no económico como no social e político. A ruptura dáse desde o feminismo, recoñecendo as desigualdades e cun concepto da solidariedade baseado na posición, como defende a teórica feminista Chandra Talpade Mohanty, afastado de discursos baleiros, recoñecendo as posicións diversas.

-Comprobou os resultados da creacións dos grupos nestes anos?

Cambia as prioridades no campo da cooperación porque as mulleres son as que as definen e desde aí modifícase o papel das organizacións. Mostran tamén como a forza da formiga pode cambiar estruturas mais precisa moita masa crítica e moitos anos de traballo. No caso da India, os grupos de axuda mutua foron quen de mudar estruturas bancarias e mesmo representacións políticas. Cada muller que sae dos grupos leva a súa filosofía consigo. O impulso é de transformar alá onde vaia. Cando ves dunha cultura do consenso e o apoio mutuo é difícil entrar a traballar en espazos onde iso non é así e estruturas son xerárquicas. A filosofía é que eu só crezo se ti

creces comigo. Defendo esa mentalidade que volve ao inicio do libro: non imos saír da crise se non camiñamos todas xuntas.

-Nese sentido a súa alternativa é optimista?

É unha posición realista, dunha realidade que existe e non vemos. Desde os bancos de tempo de Valadares até os clubs de lectura que hai a moreas. Ás veces é só necesario unha faísca para que algo prenda. Temos que salvarnos nós mesmas.

-A *alternativa* está aquí chega ás librarías pouco despois de publicar tres libros de poesía, *Presente continuo*, *Moda galega reloaded* -revisión do publicado en 2002- e *Cousiñas*. A poesía responde ás mesmas preocupacións que o ensaio?

Dáse unha continuidade. Os temas que me interesan ou me conmoven son os mesmos cando escribo ensaio, narrativa ou poesía. A crítica patriarcal ecoa ás veces sobre a miña escrita e a doutras autoras feministas que facemos narrativa moi ensaística mais eu creo que é ao revés, que no meu caso e no doutras moitas autoras empregamos as capacidades como autoras de ficción para o ensaio e a min persoalmente interésame que os libros de pensamento en calquera formato teñan a capacidades de chegar polo entretemento, polo lúdico ou polas emocións, que son tan humanas como a suposta razón. A poesía é un vínculo excepcional entre persoas porque crea comunidades de consensos afectivos arredor dos textos. É un espazo de encontro que vive tamén na oralidade. Na “alternativa” poderían estar incluídos tamén recitais e actos literarios que se realizan en moitos lugares. A poesía é tamén unha maneira de reflexionar e de chegar ás emocións novamente, niso tamén é moi feminista. Permite chegar a persoas moi diversas e provocar pensamento, que é o que me interesa da escrita.

-Con *Presente continuo* conmemoraba os seus vinte anos de relación coa India, experiencia da que parte tamén o ensaio.

Mais son perspectivas distintas, aínda que as dúas se fundamenten na experiencia persoal. No ensaio non falo desde unha voz íntima e no libro de poesía, en cambio, está o meu transcorrer emocional durante dez anos, entra na miña privacidade, mesmo sendo político, nace do individual máis estrito. O ensaio é un libro máis colectivo, que nace de aí, da relación con outras persoas. Os dous parten, iso si, da experiencia común de “descentrarse”, nun caso desde o privado e no outro o fructífero que pode ser para as sociedades.